

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 29 de outubro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a. Olga Alonso Suárez
D^a M^a Carmen Silva Rego

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día vinte e nove de outubro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1199).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1200).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A COMPROBACIÓN, REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS. EXPTE. 19712/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29.10.14, o informe de fiscalización do 28.10.14, dáse conta do informe-proposta do secretario da Comisión de Seguimento, do 29.10.14, que di o seguinte:

Como consecuencia da incorporación das propostas informadas pola Intervención Xeral con data modifícase o informe-proposta do funcionario que subscribe de data 28 de outubro de 2014, que queda redactado da seguinte maneira:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

A normativa aplicable é esencialmente o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP), o Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), a Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA), 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público, o Prego de cláusulas administrativas para a contratación, mediante concurso, e o prego de prescricións técnicas.

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 11 de maio de 2012, adoptou o acordo de adxudicar á mercantil SCI S.C. INTEGRAL, S.L., por procedemento negociado con publicidade e ordinario, a contratación do servizo de comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de bens e dereitos. Expte. 18994/240 e posteriormente, na sesión ordinaria do 3 de outubro de 2014, acordou autorizar o inicio de expediente de modificación do contrato, tendo en conta que o Interventor Xeral remite á Comisión de Seguimento da formación do Inventario de Bens e Dereitos un escrito, con data 19 de setembro de 2014, en relación coa entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2015 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, mediante a Orde HAP/1781/2013, no que conclúe que tendo en conta as novidades introducidas nesta nova Instrución de contabilidade que, dunha maneira directa, afecta á confección do inventario que se está levando a cabo nestes momento (conceptos, amortizacións, definición de investimento, elementos patrimoniais históricos, amortización do terreo e solo...) é polo que se considera necesario e imprescindible que, ante a proximidade da súa entrada en vigor, se axuste ao contido da nova Instrución a información que se desprende da súa confección, así como que a información contable que se de e que se desprenda da confección do inventario se axuste á nova clasificación de inmovilizado contemplada na nova Instrución, e que con data 22 de setembro de 2014, a Dirección dos Traballos Técnicos do Inventario, emite un informe técnico no que conclúe que se proceda, polas circunstancias que se detallan no mesmo, a unha modificación do contrato, nos términos establecidos na Lei de Contratos do Sector Público, e, en consecuencia, a unha ampliación do prazo do contrato de nove meses, así como á adaptación económica deste ás novas circunstancias que se desexen incorporar en dita modificación, sen que fose considerado unha modificación das condicións esenciais da licitación e adxudicación, sempre respectando o marco establecido na LCSP.

O responsable técnico dos traballos do inventario, tendo en conta que a execución do contrato parte dun inventario municipal incompleto, as labores realizadas están resultando especialmente complexas e o programa de desenvolvemento e execución descrito no prego fixa uns tempos de revisión das entregas que resultaron na practica insuficientes, propón unha ampliación do

prazo do contrato de nove meses, así como a adaptación económica deste ás novas circunstancias que se desexen incorporar en dicha modificación.

Especialmente afectaron á execución do contrato cambios normativos que non podían ter tido en conta no momento do inicio do contrato:

1. Entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2015 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, mediante a Orde HAP/1781/2013, polo que as novidades introducidas nesta nova instrución de contabilidade, dunha maneira directa, afectan á confección do inventario que se está levando a cabo nestes momentos (conceptos, amortizacións, definición de investimento, elementos patrimoniais históricos, amortización do terreo e solo, etc). Considérase necesario e imprescindible, para a satisfacción do interese público, que, ante a proximidade da súa entrada en vigor, se axuste, o inventario, ao contido da nova instrución.

2 Modificación da Lei do Catastro, que nos obriga a detectar as modificacións en cada un dos inmobles, para poderllo comunicar (nº 2 do artigo 46 introducido polo apartado nove da disposición final decimoitava da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sostible).

3. Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España, o que supón maiores e distintas esixencias de referenciación e homologación xeográfica.

En canto a avaliación económica da modificación sería a seguinte:

1 O custo de adaptación á nova Instrución de Contabilidade (xaneiro 2015), que segundo informe da Intervención Xeral ten un custo de 7.678,44 euros.

2 A Xeorreferenciación da totalidade das propiedades e das rúas e camiños do termo municipal. 39.489,12 euros.

3 O custo polo uso do aplicativo informático durante o prazo no que amplía a duración do contrato. Á finalización do prazo contractual o Concello tería no seu caso que executar a opción de compra. O seu custo sería de 12.000 euros.

A suma dos conceptos desglosados anteriormente, resulta un total de 59.167,56 euros (todo elo sen IVE incluído).

Como consecuencia do anterior compre proceder a un reaxuste das anualidades con amparo legal no artigo 96 do R.D.1098/2001, con cargo á partida 9330.2279901, Elaboración inventario de Bens, quedando a anualidade 2014 cun importe de 75.384,71 euros e a de 2015 cun importe de 202.515,87 euros.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a esta modificación. No prego de cláusulas administrativas establécese que a presente contratación, de natureza administrativa, rexerá polo disposto neste prego, no que se inclúen os pactos e condicións

definidoras dos dereitos e obrigas que asumirán o órgano de contratación, os licitadores e, no seu momento, as empresas adxudicatarias. Así mesmo rexerá a presente contratación polo prego de prescricións técnicas particulares (referenciado no apartado 3 das follas de especificacións do contrato) que regula as características da prestación que é obxecto da contratación e a súa execución, e que en todo o non previsto nos mesmos estarase ó disposto na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (en adiante LCSP), e, en canto non se atope derogado por esta, polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (en adiante RXCAP), e polas demais disposicións de igual ou inferior rango que sexan de aplicación, en canto non se opoñan á mesma.

Tendo en conta que durante a tramitación do expediente entrou en vigor o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), se ben de acordo co que establece a súa disposición transitoria 1ª.1 os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta Lei rexerá pola normativa anterior, tomando nos procedementos negociados, para determinar el momento de iniciación a data de aprobación dos pregos, a normativa aplicable será a indicada no prego.

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigos 202 da LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato no prego de cláusulas administrativas.

No artigo 202 da LCSP determínase que os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos no título V do libro I, e de acordo co procedemento regulado no artigo 195. Nestes casos, as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para os contratistas e as modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 140.

En canto ao procedemento de exercicio o artigo 195 establece que nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos á interpretación, modificación e resolución do contrato deberá darse audiencia ao contratista s), que os acordos deberán ser adoptados previo informe do Servizo Xurídico correspondente e que será preceptivo o informe do Consello de Estado u órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva nos casos de a) Interpretación, nulidade e resolución, cando se formule oposición por parte do contratista, b) Modificacións do contrato, cando a súas contía, illada o conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior aos 6.000.000 de euros. Consta no expediente a conformidade da empresa adxudicataria, mediante escrito asinado polo seu Director Xeral con data 27 de outubro de 2014, dando conformidade aos traballos adicionais que se propoñen, ao seu prezo, ao tempo de ampliación do contrato e ao reaxuste de anualidades.

No prego de cláusulas contemplábase, como dereitos do concello a modificación do contrato por razóns de interese público, dentro, en todo caso, dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na normativa de contratación. En particular será de aplicación o disposto nos artigos 202 e 282 da LCSP. As modificacións acordadas terán, no seu caso, a correspondente repercusión –en máis ou en menos- sobre o prezo do servizo, que se calculará atendendo ós importes ofertados polo contratista e que servisen para a adxudicación.

A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRJAP) e será precisa a súa formalización, nos termos do artigo 54 LCAP (artigo 101.2 LCAP). Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 59.1 LCAP e 114.3 TRRL).

En aplicación do disposto no artigo 87 da LCSP, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a modificación do contrato de comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de bens e dereitos adxudicado, pola Xunta de Goberno á mercantil SCI S.C. INTEGRAL, S.L., en data 11 de maio de 2012 (Expediente 18994/24), coa xustificación das necesidades que figuran no informe técnico de data 24/10/2014.

Segundo.- Modificar o prezo do contrato en 71.592,75 euros, IVE engadido, 59.167,56 euros sen IVE, sendo o prezo final do contrato de 484.112,49 euros con IVE, 400.092,97 euros sen IVE.

Terceiro.- Modificar a duración do contrato en nove meses, sendo a data de remate do mesmo tendo en conta o modificado, o 30/07/2015.

Cuarto.- Aos efectos de facer o axuste da execución do contrato, tanto en prezo como en prazo, ao amparo do previsto no artigo 96 do RD 1098/2001, aprobar un reaxuste de anualidades, quedando a anualidade do ano 2014 máis o modificado do contrato coa seguinte imputación orzamentaria e de execución:

Orzamento do ano 2014: 75.384,71 euros.

Anualidade do ano 2015: 202.515,87 euros.

Quinto.- En cumprimento do previsto no artigo 87.3 da LCSP, o contratista deberá constituír unha garantía adicional por unha contía de 2.958,38 euros (5% de 59.167,56 euros), nas formas previstas no artigo 84 do precitado corpo legal dentro dos 15 días naturais contados a partires de notificación.

Sexto.- Formalizar por escrito a presente modificación, de acordo co disposto no artigo 140 en relación co artigo 202 da LCSP, dentro dos 15 días seguintes a notificación do acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.